

### Apercibimento sobre a perda do dereito á avaliación continua

Don/Dona \_\_\_\_\_, en calidade de profesor/ora titor/ora do ciclo formativo \_\_\_\_\_ :

#### INFORMA

Durante o presente ano académico \_\_\_\_\_, o/a alumno/a acumula un total de \_\_\_\_\_ faltas de asistencia nos seguintes módulos profesionais:

Módulo profesional	Faltas	Módulo profesional	Faltas

Incumpre deste xeito o disposto na normativa vixente ao respecto<sup>1</sup>, na que se indica o seguinte:

*“(…)A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.*

*O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.*

*O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións. (...)”*

De continuar ausentándose das clases dos módulos profesionais sinalados, o/a alumno/a poderá incorrer na **perda do dereito á avaliación continua**, tal e como foi informado/a ao inicio do presente ano académico. Esta medida traduciríase na única posibilidade de ser avaliado/a na convocatoria final de avaliación.

Lugo,

Asdo.: Don/Dona

Profesor/ora titor/ora do CF

Vº e prace da directora

O/a xefe/a de estudos

Selo do centro

Dona Mª Antonia Varela Trigo

Don/Dona

<sup>1</sup> LEXISLACIÓN APLICABLE: ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. (D.O.G. 15 de xullo de 2011)  
RESOLUCIÓN do 30 de xullo de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional inicial no curso 2012/13. (D.O.G. 10 de agosto de 2012)